

RESOLUCIÓN do 28 de setembro de 2023 pola que se publica a baremación definitiva e orde de prelación das persoas aspirantes que foron admitidas na convocatoria do proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro , pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso, para o ingreso como persoal laboral fixo en diversas categorías da entidade instrumental do sector público autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia, GALICIA CALIDADE, SAU.

Por medio de Resolución do 3 de xullo de 2023 publícase a baremación provisional das persoas aspirantes que foron admitidas na convocatoria do proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro , pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso, para o ingreso como persoal laboral fixo en diversas categorías da entidade instrumental do sector público autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia GALICIA CALIDADE, SAU, concedéndose un prazo de dez (10) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación no DOG para presentar reclamacións ante o propio tribunal contra a devandita baremación.

A citada baremación provisional foi publicada no DOG o 24 de xullo de 2023 (DOG núm. 140, do 24 de xullo de 2023)

En relación co anterior, o 19 de setembro de 2023, a Directora - Xerente da entidade Galicia Calidade, SAU, certifica: *Que téndose publicado no DOG núm. 140 do 24 de xullo de 2023 a Resolución do 3 de xullo de 2023 pola que se publica a baremación provisional das persoas aspirantes que foron admitidas na convocatoria do proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso, para o ingreso como persoal laboral fixo en diversas categorías da entidade instrumental do sector público autonómico da comunidade autónoma, e transcorrido o prazo de reclamacións a dita baremación provisional, só se recibiu unha reclamación o día 26/7/23 a través do rexistro electrónico da Xunta de Galicia unha reclamación de Dña. Mercedes Cuiña Ponte e dirixida ao tribunal como reclamación á baremación provisional, remitindo a reclamación formulada.*

Tendo en conta o anterior, e unha vez finalizado o prazo de reclamacións contra a baremación provisional, polo referido tribunal, na súa sesión do 27 de setembro de 2023, adoptáronse os seguintes,

ACORDOS

Primeiro, Análise da reclamación presentada

Á vista da reclamación formulada por medio de escrito do 26 de xullo de 2023 por Mercedes Cuiña Ponte con DNI **5525**, na que manifesta, en síntese, que *non está conforme coa baremación provisional relativa ao apartado de Formación do proceso selectivo extraordinario de estabilización, considero que non se axusta as bases do devandito proceso. A continuación vou a detallar os cursos que presenteí, as horas de duración dos mesmos e os organismos que os impartiron, solicitando que Teñan en consideración o alegado e procedan a enmendar o apartado de formación, se procede á revisión solicitada.*

Tendo en conta o anterior, resulta o seguinte:

Curso 1. Informática

Curso impartido por un sindicato sen que conste homologado pola EGAP segundo se establece na base III.1.1.2) a). Por isto, non procede asignación de puntuación algunha e polo tanto modificación da baremación efectuada.

Curso 2. Novo Plan Xeral de Contabilidade

Foi obxecto de valoración e puntuación con 1,75 puntos. Non procede modificación da baremación efectuada.

Curso 3. Relacións Laborais



Curso impartido por un sindicato sen que conste homologado pola EGAP segundo se establece na base III.1.1.2) a). Por isto, non procede asignación de puntuación algunha e polo tanto modificación da baremación efectuada.

Curso 4. Lei de contratos do sector público para PANAP

Non consta a superación do curso como se esixe no apartado *Cursos de formación e cursos de galego* do Anexo III.- Acreditación de méritos, das bases da convocatoria. Por isto, non procede asignación de puntuación algunha e polo tanto modificación da baremación efectuada.

Curso 5. Lei de contratos do sector público para PANAP

Non consta a superación do curso como se esixe no apartado *Cursos de formación e cursos de galego* do Anexo III.- Acreditación de méritos, das bases da convocatoria. Por isto, non procede asignación de puntuación algunha e polo tanto modificación da baremación efectuada.

Curso 6. Proxecto de futuro e plan de mellora empresarial

Non consta que fose convocado ou organizado por unha das entidades previstas na base III.1.1.2) a), senón por unha empresa privada. Por isto, non procede asignación de puntuación algunha e polo tanto modificación da baremación efectuada.

Curso 7. A orientación laboral dende o ámbito educativo e laboral

Non consta a superación do curso como se esixe no apartado *Cursos de formación e cursos de galego* do Anexo III.- Acreditación de méritos, das bases da convocatoria. Por isto, non procede asignación de puntuación algunha e polo tanto modificación da baremación efectuada.

Curso 8. Taller de entrevista de orientación

Non consta a superación do curso como se esixe no apartado *Cursos de formación e cursos de galego* do Anexo III.- Acreditación de méritos, das bases da convocatoria. Por isto, non procede asignación de puntuación algunha e polo tanto modificación da baremación efectuada.

Curso 9. Xornadas sobre aspectos xurídico-económicos das fundacións

É unha xornada, e segundo a base III.1.1.2) a), se valorarán os cursos e non se valorará a asistencia a congresos, xornadas, seminarios, simposios e similares. Por isto, non procede asignación de puntuación algunha e polo tanto modificación da baremación efectuada.

Curso 10. Seminario do 2º curso de técnico en creación de empresas on-line

É un seminario, e segundo a base III.1.1.2) a), se valorarán os cursos e non se valorará a asistencia a congresos, xornadas, seminarios, simposios e similares. Por isto, non procede asignación de puntuación algunha e polo tanto modificación da baremación efectuada.

Curso 11. Contabilidade para empresas (TF)

Curso impartido por un sindicato sen que conste homologado pola EGAP segundo se establece na base III.1.1.2) a). Por isto, non procede asignación de puntuación algunha e polo tanto modificación da baremación efectuada.

Curso 12. XII Taller de habilidades de comunicación

É un Taller, e segundo a base III.1.1.2) a), se valorarán os cursos e non se valorará a asistencia a congresos, xornadas, seminarios, simposios e similares. Por isto, non procede asignación de puntuación algunha e polo tanto modificación da baremación efectuada.



Curso 13. Formación para técnicos IOBE

Foi obxecto de valoración e puntuación con 1,4 puntos. Non procede modificación da baremación efectuada.

Tendo en conta o anterior, a baremación provisional efectuada axústase plenamente ás bases da convocatoria, acordándose polo Tribunal que non procede modificación algunha da mesma.

Segundo, Baremación definitiva e Orde de prelación

Tendo en conta o anterior, procede aprobar polo Tribunal a baremación definitiva dos aspirantes ás distintas categorías e prazas convocadas, e coa orde de prelación correspondente, segundo expone a continuación:

I.- Praza convocada:

Categoría	Prazas	Titulación
Licenciado/a ou equivalente	1	Licenciado/a en dereito ou equivalente

Baremación definitiva e orde de prelación Licenciado/a en dereito ou equivalente:

Nome	DNI	Base III.1.1.1.a).a)	Base III.1.1.1.a).b)	Base III.1.1.2.a)	Base III.1.1.2.b)	Total
Varela Rodríguez, Marta	***3254**	54,9		25		79,9
Rodríguez Regueiro, Fátima	***6424**		27,12	25	5	57,12
Díaz Barreiros, Elena	***6136**		21,25	25	5	51,25
Martínez Villaverde, Juan José	***1068**		25,87	15,35	5	46,22
Fernández Carrero. María del Carmen	***6135**		15,62	25	5	45,62

II.- Praza convocada:

Categoría	Plazas	Titulación
Licenciado/a ou equivalente	1	Licenciado/a en ciencias da comunicación ou equivalente

Baremación definitiva e orde de prelación Licenciado/a en ciencias de la comunicación ou equivalente:

Nome	DNI	Base III.1.1.1.a).a)	Base III.1.1.1.a).b)	Base III.1.1.2.a)	Base III.1.1.2.b)	Total
Fernández González, Iván	***3821**	54,9		22,05		76,95
Quinteiro Vaamonde, Pedro Pablo	***1695**		21,87	25		46,87

III.- Praza convocada:

Categoría	Prazas	Titulación
Licenciado/a ou equivalente	1	Licenciado/a en económicas ou equivalente

Baremación definitiva e orde de prelación Licenciado/a en económicas ou equivalente:

Nome	DNI	Base III.1.1.1.a).a)	Base III.1.1.1.a).b)	Base III.1.1.2.a)	Base III.1.1.2.b)	Total
Alcalde García, Beatriz	***1078**	54,9		25		79,9
Cuíña Puente, Mercedes	***5525**		37	3,15		40,15
Pawlowska Pawlowska, Ewa	***4466**		7,96	25		32,96



Terceiro, Publicación

Polo Tribunal acórdase proceder, de acordo con o establecido na base III.3 da convocatoria, ao anuncio de publicación no portal web corporativo de Galicia Calidade, SAU www.galiciacalidade.gal e no DOG dá baremación definitiva dá fase de concurso e orde de prelación.

Cuarto, Recurso de Alzada

Ao abeiro do disposto na base IV.13 da convocatoria, os acordos adoptados polo tribunal do proceso poderán ser obxecto de recurso de alzada nos termos previstos nos arts. 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, polo que contra a baremación definitiva e orde de prelación, poderase formular Recurso de Alzada nos termos establecidos na indicada normativa ante a entidade Galicia Calidade, SAU no prazo dun MES desde a publicación no DOG da devandita baremación e orde de prelación.

Quinto.- Proposta de superación do proceso selectivo

Tendo en conta todo o anterior, e sen prexuízo da posible formulación de Recursos de Alzada, o Tribunal acorda propoñer como persoas que superou o proceso selectivo para o ingreso ás distintas categorías e prazas convocadas e coa puntuación que se indica e por tanto, propoñer o seu nomeamento como persoal laboral fixo, a:

I.- Praza convocada:

Categoría	Prazas	Titulación
Licenciado/a ou equivalente	1	Licenciado/a en dereito ou equivalente

Nome	DNI	Total
Varela Rodríguez, Marta	***3254**	79,9

II.- Praza convocada:

Categoría	Prazas	Titulación
Licenciado/a ou equivalente	1	Licenciado/a en ciencias da comunicación ou equivalente

Nome	DNI	Total
Fernández González, Iván	***3821**	76,95

III.- Praza convocada:

Categoría	Prazas	Titulación
Licenciado/a ou equivalente	1	Licenciado/a en económicas ou equivalente

Nombre	DNI	Total
Alcalde García, Beatriz	***1078**	79,9

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela
Laura Suárez Fernández
Presidenta do Tribunal

